



DATOS IDENTIFICATIVOS

Empresa: Xestión de empresas

| | | | | |
|-----------------------|--|--------|-------|--------------|
| Materia | Empresa: Xestión de empresas | | | |
| Código | 004G020V01203 | | | |
| Titulación | Grao en Administración e Dirección de Empresas | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | FB | 1 | 2c |
| Lingua de impartición | Castelán Galego | | | |
| Departamento | Organización de empresas e márketing | | | |
| Coordinador/a | Gueimonde Canto, Ana Isabel | | | |
| Profesorado | Diéguez Castrillón, María Isabel Gueimonde Canto, Ana Isabel Lampón Caride, Jesús Fernando Reyes Santias, Francisco Sánchez Sello, Francisco Javier | | | |
| Correo-e | agueimonde@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Trátase de presentar á empresa como axente económico fundamental, explicando os aspectos básicos da súa xestión e os problemas asociados ao seu goberno. A partir de aí identifícanse e defínense as grandes áreas funcionais, profundando nos aspectos específicos da súa xestión e as problemáticas económicas que se formulan. | | | |

Competencias

| | |
|--------|---|
| Código | |
| B1 | Capacidade de análise e síntese |
| B2 | Pensamento crítico e autocrítico |
| B3 | Habilidades relacionadas co uso de aplicacións informáticas utilizadas na xestión empresarial |
| B4 | Poder transmitir ideas, información, problemas e situacións ao público tanto especializado como non especializado |
| B5 | Habilidades de comunicación oral e escrita |
| B7 | Ler e comunicarse en inglés como lingua estranxeira |
| B8 | Comunicarse con fluidez no seu entorno, incluíndo competencias interpersoais de escoita activa, negociación, persuasión e presentación |
| B9 | Capacidade de actuación eficaz dentro dun equipo de traballo |
| B12 | Desenvolver as habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía |
| B13 | Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo |
| B14 | Capacidade de aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nun contexto académico especializado |
| C1 | Posuír e comprender coñecementos sobre as interrelacións existentes entre os distintos subsistemas que conforman o sistema empresarial |
| C2 | Posuír e comprender coñecementos sobre as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou formais a respecto de como funciona a economía |
| C3 | Posuír e comprender coñecementos sobre os aspectos internos, funcións e procesos das organizacións incluíndo a súa natureza, estrutura, goberno, operativa e dirección. |
| C4 | Posuír e comprender coñecementos sobre o marco económico que regula as actividades empresariais, e a correspondente normativa |
| C5 | Posuír e comprender coñecementos sobre a relación entre a empresa e o seu entorno avaliando a súa repercusión na estratexia, comportamento, xestión e sustentabilidade empresarial |
| C6 | Posuír e comprender coñecementos sobre os distintos procesos, procedementos e prácticas de xestión empresarial |
| C7 | Posuír e comprender coñecementos sobre as principais técnicas instrumentais aplicadas ao ámbito empresarial |
| C8 | Aplicar os coñecementos adquiridos a futuras situacións profesionais e desenvolver competencias relacionadas coa elaboración e defensa de argumentos e resolución de problemas dentro da súa área de estudo |

| | |
|-----|---|
| C9 | Identificar a xeneralidade dos problemas económicos que se suscitan nas empresas, e saber utilizar os principais instrumentos existentes para a súa resolución |
| C10 | Valorar, a partir dos rexistros relevantes de información, a situación e previsible evolución dunha empresa |
| C12 | Solucionar de maneira eficaz problemas e tomar decisións utilizando métodos cuantitativos e cualitativos apropiados, incluíndo entre eles a identificación, formulación e solución dos problemas empresariais |
| C15 | Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética |
| C16 | Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante |
| D1 | Xestión persoal efectiva en termos de tempo, planificación e comportamento, motivación e iniciativa tanto individual como empresarial |
| D2 | Capacidade de lideranza, incluíndo empatía co resto de persoas |
| D3 | Responsabilidade e capacidade para asumir compromisos |
| D4 | Compromiso ético no traballo |
| D5 | Motivación pola calidade e mellora continua |

Resultados de aprendizaxe

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
|--|---------------------------------------|--|----------------------------|
| Comprender a estrutura e o proceso empresarial, así como as diferentes funcións involucradas no mesmo. | B12 | C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9 | |
| Dispor dunha visión global da organización no contexto económico e do tipo de decisións específicas nos aspectos básicos da xestión empresarial. | | C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C9 | |
| Buscar, identificar, filtrar e analizar datos relevantes que poden afectar ás distintas funcións da empresa para interpretar a súa importancia en termos de defender ou criticar distintas posturas, ou medidas de actuación alternativas, tras unha correcta valoración de vantaxes e inconvenientes. | B2 B3 B4 B13 B14 | C3 C6 C7 C9 C10 C12 | D1 |
| Aplicar os procedementos de análise e os coñecementos adquiridos á resolución de problemas/cuestións concretas, tanto a nivel estratéxico como operativo, tanto a nivel da contorna como de diagnóstico interno da empresa. | B1 B2 B14 | C1 C3 C4 C5 C9 C10 C12 C15 C16 | D1 |
| Demostrar unha actitude proactiva e ter capacidade de expresarse correctamente para transmitir ideas e/ou comunicar de forma educada, comprensible e razoada a súa interpretación, ou opinión, sobre determinadas cuestións relacionadas con distintos aspectos da xestión empresarial. | B1 B2 B5 B7 B8 B9 | | D1 D2 D3 D4 D5 |

Contidos

| Tema |
|--|
| TEMA 1: A EMPRESA NO SISTEMA ECONÓMICO. PERSPECTIVA EXTERNA E INTERNA. |
| TEMA 2: DIRECCIÓN COMERCIAL |
| TEMA 3: DIRECCIÓN DE OPERACIÓNS |
| TEMA 4: DIRECCIÓN DE RECURSOS HUMANOS |
| TEMA 5: DIRECCIÓN FINANCEIRA |
| TEMA 6: DIRECCIÓN DA INNOVACIÓN |

| Planificación | | | |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
| Sesión maxistral | 30 | 36 | 66 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 20 | 40 | 60 |
| Outras | 2 | 10 | 12 |
| Outras | 2 | 10 | 12 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

| Metodoloxía docente | |
|---|--|
| | Descrición |
| Sesión maxistral | Exposición dos contidos, ferramentas e metodoloxías básicas sobre cada un dos temas obxecto de estudo. |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Resolución e presentación de exercicios/cuestións/traballo por parte do alumnado tanto de maneira individual como en grupo baixo a proposta, orientación e supervisión do profesorado. |

| Atención personalizada | |
|---|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Atención individual ou grupal para orientar, supervisar, atender e resolver dúbidas do alumnado no proceso de adquisición das competencias en xeral, e para a realización das actividades propostas en particular. |
| Probas | Descrición |
| Outras | Atención individual ou grupal para orientar, supervisar, atender e resolver dúbidas do alumnado no proceso de adquisición das competencias en xeral, e para a realización das actividades propostas en particular. |
| Outras | Atención individual ou grupal para orientar, supervisar, atender e resolver dúbidas do alumnado no proceso de adquisición das competencias en xeral, e para a realización das actividades propostas en particular. |

| Avaliación | | | |
|---|---|---------------|--|
| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Proba obxecto de avaliación continua. Consiste na resolución, de maneira individual ou en grupo, de cuestións expostas, orientadas e supervisadas polo profesorado, sobre a materia. Avaliarase a participación do alumnado e a comprensión da materia. | 20 | B1 C5 D1 B2 C6 D2 B3 C7 D3 B5 C8 D4 B7 C9 D5 B8 C10 B9 C12 B13 C15 B14 C16 |
| Outras | Probas intermedias escritas de avaliación de coñecementos. | 20 | C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 |
| Outras | Proba final escrita de avaliación de coñecementos. | 60 | B12 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C12 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

O conxunto de criterios de avaliación arriba exposto constitúe o sistema de avaliación continua para a convocatoria de maio.

Para superar a avaliación continua é obrigatoria a realización do 100% dos traballos e probas a realizar na materia. Ademais é preciso obter como mínimo un 5 sobre 10 tanto nas probas escritas intermedias como na proba final escrita.

Segunda convocatoria (xullo):

Alternativa a) Exame global dos contidos da materia no mes de xullo. A cualificación do exame será o 100% da nota.

Alternativa b) Só para os estudantes que teñan seguido a avaliación continua e non teñan superado algunha das probas escritas: as probas suspendidas poderanse recuperar na data oficial de xullo establecida para a avaliación da materia.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2015-2016.

No caso de conflito ou disparidade entre datas dos exames prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

Observación importante:

Calquera evidencia de probas ou traballos plaxiados ou copiados suporá unha cualificación de suspenso nas dúas convocatorias.

Bibliografía. Fontes de información

Bueno Campos, E., **Curso básico de economía de la empresa**, 2008,

Bueno Campos, E. et al., **Economía de la empresa. Análisis de las decisiones empresariales**, 2000,

Díez de Castro, E.P. et al., **Introducción a la economía de la empresa I y II**, 2002,

García del Junco, J., **Fundamentos de gestión empresarial**, 2008,

García del Junco, J. et al., **Casos prácticos de economía de la empresa**, 1998,

García del Junco, J. et al., **Prácticas de la gestión empresarial**, 2001,

Iborra, M. et al., **Fundamentos de Dirección de Empresas. Conceptos y habilidades directivas**, 2008,

Luque de la Torre, M^a. A. et al., **Curso práctico de economía de la empresa. Un enfoque de organización**, 2001,

Piñeiro García, P. et al., **Introducción a la economía de la empresa. Una visión teórico-práctica**, 2010,

Suárez Suárez, A., **Curso de economía de la empresa**, 2007,

Trátase de bibliografía básica sobre teoría e casos da materia.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Decisións de investimento/O04G020V01402

Dirección comercial I/O04G020V01403

Dirección de operacións/O04G020V01302

Dirección de recursos humanos/O04G020V01303

Decisións de financiamento/O04G020V01501

Xestión da innovación/O04G020V01906

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Empresa: Matemática das operacións financeiras/O04G020V01202

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Empresa: Fundamentos de administración/O04G020V01102

Outros comentarios

Esta Guía docente anticipa as liñas de actuación que se deben levar a cabo co alumnado na materia e concíbese de forma flexible. En consecuencia, podéñse requirir reaxustes ao longo do curso académico promovidos pola dinámica do curso e/ou do grupo de destinatarios real ou pola relevancia das situacións que puidesen xurdir. Achegaráselle ao alumnado a información e as pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo.